



ANUNCIO

CONVOCATORIA AXUDAS ESCOLARES CONCELLO DE PORTO DO SON 2024-2025

1. Convocatoria e bases reguladoras das axudas escolares do Concello de Porto do Son do ano escolar 2024-2025.

As bases reguladoras destas axudas están contidas na Ordenanza pola que se establecen as bases reguladoras do outorgamento das axudas escolares do Concello de Porto do Son, publicada no BOP núm. 276, do 14.09.2012, coas modificacións publicadas no BOP núm. 174, do 12.09.2014, e no BOP núm. 171 do 8.09.2022 entrada en vigor o 27.09.2022.

- Créditos orzamentarios

As axudas financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 231.48001e 231.78001 do ano 2024, no cal figura consignado o importe máximo de 13.000,00€ o que se distribúe entre as seguintes liñas:

Liña de material escolar	1.000€
Liña de conciliación	3.000€
Liña de transporte escolar	6.000€
Liña de Informática	3.000€

De acordo co artigo 5 das bases, esta contía máxima das subvencións convocadas se distribúe entre diferentes créditos orzamentarios con carácter estimativo, polo que a alteración da dita distribución non precisará de nova convocatoria. Neste caso, con carácter previo á resolución da concesión, o órgano concedinte deberá aprobar a distribución definitiva das subvencións e publicala nos mesmos medios que a convocatoria.

Poderase prever unha contía máxima adicional, que se poderá sumar ao importe máximo desta convocatoria, nos supostos do artigo 31.2 LXS, que prevé un aumento do crédito orzamentario debido a algún dos seguintes motivos:

- a) Unha xeración, ampliación ou incorporación de crédito.
- b) A existencia de remanentes de outras convocatorias financiadas con cargo a aplicacións orzamentarias do mesmo nivel de vinculación xurídica sempre que haxa suficientes recursos financeiros para o seu financiamento.

A contía adicional deberá preverse na convocatoria e terá o carácter de importe máximo. A efectividade da ampliación do importe convocado condiciónase á declaración de dispoñibilidade do crédito orzamentario preciso como consecuencia dalgunha das circunstancias descritas no parágrafo anterior, e previa a aprobación da modificación orzamentaria procedente antes da resolución de outorgamento das subvencións. Nestes supostos, o órgano concedinte deberá aprobar o incremento do crédito orzamentario e publicalo nos mesmos medios que a convocatoria.

- Obxecto das axudas

O obxecto das axudas diferénciase en catro liñas de subvención:





- a) Axudas para **material escolar**, destinadas a financiar o custo de adquisición dos libros de texto e material escolar do alumnado matriculado en Educación Infantil.
- b) Axudas para **transporte escolar**, destinadas a financiar os custos de desprazamento do alumnado matriculado en estudos de Bacharelato, Formación Profesional ou ensinanzas universitarias.
- c) Axudas de **conciliación**, destinadas a financiar medidas que se leven a cabo no ámbito dos centros escolares para favorecer a conciliación da vida familiar e laboral de familias con menores que cursen Educación Infantil, Educación Primaria e Secundaria: comedor escolar e/ou aula madrugadores.
1. Liña **material informático**, Destinada a financiar material informático (equipos informáticos de sobremesa ou portátiles), para alumnado de educación primaria, secundaria e bacharelato, formación profesional ou ensinanzas universitaria

- **Contía máxima das axudas**

1) Liña de material escolar: O importe da subvención virá dado pola aplicación dunha porcentaxe ao importe total do gasto xustificado. A dita porcentaxe calcularase en función do nivel de renda da unidade familiar, de acordo co seguinte baremo:

RENDA PER CÁPITA MENSUAL	% SUBVENCIÓN CONCEDIDA
Ata 350 €/mes	100%
Ingresos superiores a 350 € e ata 600 €/mes	50%
Ingresos superiores a 600 €/mes	0%

2) Liña de transporte escolar: O importe das axudas determinarase como un importe fixo en función da renda da unidade familiar, de acordo co seguinte baremo:

RENDA PER CÁPITA	IMPORTE SUBVENCIÓN DA
Ata 350€/mes	300 € por alumna/o
Ingresos superiores a 350 € ata 450 €/mes	200 € por alumna/o
Ingresos entre 450 € ata 600 €/mes	100 € por alumna/o
Ingresos superiores a 600 €/mes	0 €

3) Liña de conciliación: O importe das axudas determinarase como un importe fixo en función da renda da unidade familiar, de acordo co seguinte baremo:





RENDA PER CÁPITA	IMPORTE DA SUBVENCIÓN
Ata 500 €/mes	300 € por alumna/o
Ingresos superiores a 500 € ata 700 €/mes	200 € por alumna/o
Ingresos superiores a 700 €/mes	0 €

4) Liña de material informático: O importe das axudas determinarase como un importe fixo en función da renda da unidade familiar, de acordo co seguinte baremo:

RENDA PER CÁPITA	IMPORTE DA SUBVENCIÓN
Ata 800 € de RPC	400 € por alumna/o
Dende 800€ ata 1.000€ de RPC	200 € por alumna/o

- Requisitos das persoas beneficiarias

1. Terán a consideración de persoas beneficiarias das subvencións desta convocatoria, as persoas físicas que haxan de realizar a actividade que fundamente o seu outorgamento ou que se atopen na situación que lexitima a súa concesión. En concreto que cumpran os seguintes requisitos:

a) Atoparse empadroadada/o no Concello de Porto do Son

b) Con carácter xeral, estar matriculada/o para cursar estudos en centros de ensino oficiais no curso escolar 2024-25, excepto para a liña de conciliación.

c) Con carácter específico:

– Liña “material escolar”: cursar estudos de Educación Infantil.

– Liña “transporte escolar”: cursar estudos de Bacharelato, Formación Profesional ou ensinanzas universitarias que non se presten no termo municipal de Porto do Son.

– Liña “conciliación”:

☐ Cursar estudos de educación infantil, educación primaria ou secundaria

☐ Que fosen usuarias/os no ámbito escolar dun servizo de comedor e/ou aula madrugadores no curso escolar 2023-24.

☐ Que ambas/os representantes legais ou representante legal no caso de familia monoparental da/o menor, estean traballando ou realizando formación presencial coa finalidade dunha futura inserción laboral (formación regrada ou formación ocupacional a través do Servizo Público de Emprego) cunha carga lectiva de, cando menos, 5 horas diarias cunha duración mínima de tres meses durante o período lectivo escolar ou teñan unha discapacidade recoñecida igual ou superior ao 65 %.





No caso de proxenitores separados ou en vías de separación con cargas familiares compartidas terase en conta a ocupación de ambos proxenitores e que, en todo caso, o/a solicitante cumpra algún suposto dos anteriormente citados.

– Liña “material informático”:

☐- Cursar estudos de educación primaria, secundaria, bacharelato, formación profesional ou universitaria.

☐- Non ter sido beneficiaria/o dunha axuda para o mesmo fin do Concello de Porto do Son nos cinco anos anteriores á solicitude.

- Non superar o nivel de renda que se estableza na convocatoria.

Establécese como factor de ponderación favorable para o caso de persoas en situación de violencia de xénero na unidade familiar ou de alumnas/os con discapacidade recoñecida cun grao igual ou superior ó 33%, que cada persoa da unidade de convivencia que estea nesta situación compute, a efectos do cálculo da RPC, como dúas persoas.

- Non percibir ningunha outra axuda para o mesmo fin.

- Non ter pendentes de xustificación, unha vez rematado o prazo para iso, outras axudas ou subvencións outorgadas polo Concello de Porto do Son.

2. As persoas beneficiarias das axudas que se regulan nesta ordenanza terán as seguintes obrigas:

a) Realizar a actividade que constitúe o obxecto da subvención.b) Someterse á actividade de control do concello destinada a comprobar a veracidade dos actos consignados na documentación presentada, así como o cumprimento dos requisitos para a percepción da axuda e colaborar co concello en ditas actuacións

c) Estar ao corrente das súas obrigas fiscais, así como coa Seguridade Social e non ser debedor/a por resolución de procedencia de reintegro doutra subvención. No caso das persoas menores de idade, a obriga virá referida ás persoas titores legais.

d) Comunicar ante o concello a modificación nas circunstancias esixidas para a concesión da axuda, de ser o caso.

e) As restantes previstas na normativa reguladora de subvencións.

- Solicitudes

1. As solicitudes para o outorgamento das axudas reguladas nesta ordenanza formalizaranse no modelo normalizado que se recolle no Anexo 1 desta convocatoria. Coa solicitude xuntarase a seguinte documentación:

a) D.N.I./N.I.E. da persoa solicitante

b) Libro de familia ou documento similar que acrediten as persoas que compoñen a unidade familiar.





- c) Matrícula oficial de estudos ou certificado de matrícula expedido polo centro educativo correspondente ao curso escolar que corresponda.
- d) Copia da declaración da renda do ano 2023 ou certificado de imputación de rendas de Facenda dos integrantes da unidade familiar e volante de empadramento da unidade familiar
- e) Outros xustificantes de ingresos económicos do último ano fiscal declarado, no caso de non ter feito a declaración do IRPF e non dispoñer de datos fiscais que acrediten o seu nivel de renda
- f) Declaración responsable de non percibir axudas doutras entidades polo mesmo concepto (Anexo I).
- g) Declaración responsable da persoa solicitante de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social (Anexo I)
- h) Certificado de titularidade dunha conta bancaria, da que sexa titular a persoa solicitante, na que figure o IBAN.
- i) Adicionalmente, coas solicitudes presentadas ao abeiro da Liña “material escolar” , “conciliación” e “informática” deberán achegarse os xustificantes da realización do gasto subvencionable. Para estes efectos, deberá presentarse a factura, na que deberá constar a identificación da persoa solicitante e o detalle do gasto, expedida cos requisitos previstos no RD 1619/2012, do 30 de novembro, Regulamento de facturación, así como o xustificante da realización do pago. No caso de que o gasto se teña pagado á ANPA ou centro escolar, por ser esta a entidade que xestiona a actividade ou a compra de material, poderá xustificarse cun certificado no que dita entidade así o acredite.
- j) Para o suposto de solicitar a axuda para a liña de “conciliación” deberase engadir na solicitude a documentación acreditativa de que a/as persoa/s representante/s legal/is da/o nena/o está/n traballando ou realizando formación presencial. Esta documentación poderá ser a copia compulsada do contrato vixente, o informe da vida laboral expedido pola Seguridade Social, un certificado de formación expedida por el SEPE, ou calquera outro válido admitido en dereito.
- k) No caso de separación das persoas proxenitoras deberán achegar a sentenza xudicial da separación.
- l) No suposto de discapacidade, certificado de discapacidade recoñecida cun grao igual ou superior ó 33% do/a alumno/a ou dun membro da unidade familiar expedido polo órgano competente da CCAA
- m) Para o caso de vítima de violencia de xénero, documentación acreditativa da situación de violencia de xénero, de acordo co establecido no artigo 23 da Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro de Medidas de Protección integral contra a Violencia de Xénero e normativa de desenvolvemento.

2. O prazo para a presentación de solicitudes será de dez (10) días hábiles partir da publicación da convocatoria.





3. As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Porto do Son ou nalgunha das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e serán asinadas pola persoa que teña a condición de beneficiario/a, de acordo co artigo 5 desta convocatoria.

- Instrución

1. A concesión das subvencións reguladas nesta ordenanza tramitarase polo procedemento abreviado establecido polo artigo 22 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. A instrución do procedemento corresponderalle a unha/un técnica/o do Departamento Municipal de Servizos Sociais, que realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe elaborar a proposta de resolución.

3. O órgano instructor, cando comprobe que as solicitudes presentadas carecen dalgún dos requisitos establecidos con carácter xeral pola normativa reguladora do procedemento administrativo ou esixidos pola normativa específica de aplicación, requirirá ás persoas solicitantes as correccións que procedan outorgándolles un prazo de dez días hábiles, que terá carácter improrrogable. Transcorrido o dito prazo, se non se producise a emenda requirida, entenderase o desistente da solicitude e as peticións serán arquivadas sen máis trámites.

4. Instruído o expediente, o órgano instructor formulará unha proposta motivada de outorgamento das axudas, que deberá ter o seguinte contido:

a) A constatación de que, segundo a información que obra no expediente, despréndese que as persoas beneficiarias propostas compren todos os requisitos necesarios para acceder á subvención.

b) Indicación da porcentaxe correspondente a cada solicitude e/ou o importe da axuda que lle corresponda.

c) Solicitudes para as que se propón a denegación do outorgamento e motivos nos que se basea a proposta.

5. A proposta de resolución non crea dereito ningún a favor da persoa beneficiaria proposta fronte á administración mentres non se lle notifique a resolución de concesión.

6. A contía das subvencións a outorgar determinarase segundo se detalla a continuación:

1. Liñas “material escolar” : o importe da subvención virá dado pola aplicación ao importe total do gasto xustificado dunha porcentaxe, que se concretará en función da renda da unidade familiar.

2. Liña “transporte escolar” , “conciliación” e “ informática”: o importe das axudas determinarase como un importe fixo en función da renda da unidade familiar.





7. No caso de que a contía das axudas a outorgar superase o crédito orzamentario consignado para este fin, reducirase proporcionalmente o importe das axudas a outorgar ás persas beneficiarias

do tramo máis elevado de renda per cápita de modo proporcional. De se preciso, efectuarase a mesma operación respecto ás persoas beneficiarias de axudas do tramo inmediatamente inferior e así sucesivamente.

8. Cando non se esgotase o crédito orzamentario asignado a algunha das liñas de subvencións, despois de aplicar a alteración da súa distribución e/ou a contía adicional do punto 2 do artigo 5 da ordenanza reguladora, excepcionalmente e de xeito motivado, poderán outorgarse axudas, no seu importe mínimo, ás persoas solicitantes que non cumprindo co requisito do nivel de renda per cápita mensual máxima non a superen en máis dun 10%. Neste suposto, o outorgamento das axudas efectuarase segundo o criterio de menor renda ata o esgotamento do crédito.

9. O importe da renda per cápita mensual da unidade familiar será o cociente resultante de dividir a renda mensual da unidade familiar polo número de persoas que a integran.

A renda mensual resultará de dividir entre 12 a renda anual da unidade familiar, que á súa vez será o resultado da suma dos rendementos percibidos por cada membro da unidade familiar.

10. Entenderase por unidade familiar a/o alumna/o e, no caso de convivir con outras persoas, teranse en conta, as persoas representantes legais e irmás/nas (ou acollidas/os) menores de 21 anos que convivan no mesmo domicilio, idade ampliable ata os 25 anos mentres realicen estudos axeitados á súa idade e titulación ou encamiñados á obtención dun posto de traballo (incluíranse os estudos realizados en centros educativos públicos ou privados, sempre que teñan unha duración lectiva dun curso académico).

8.-Resolución.

1. O prazo máximo para resolver o procedemento e notificar a resolución do dito procedemento é de tres meses contados desde a publicación da correspondente convocatoria.

2. O órgano municipal competente, atendendo á proposta do órgano instructor, e previo informe da Intervención Municipal, resolverá motivadamente sobre o outorgamento ou denegación das axudas solicitadas. A resolución que se dite conterá a relación das persoas beneficiarias e os importes das axudas, así como a relación de solicitudes desestimadas con indicación dos motivos da desestimación. A expresión dos recursos que procedan contra a resolución de concesión, indicaranse na notificación. A falla de notificación no prazo indicado lexítima ás persoas interesadas para entender desestimada a súa solicitude.

3. A resolución do procedemento porá fin á vía administrativa e contra ela poderase interpor recurso contencioso administrativo perante o Xulgado do Contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o seguinte ao da notificación da resolución ou no prazo de seis meses a contar desde o día seguinte á data na que poida entenderse desestimada a solicitude por silencio administrativo.





Con carácter potestativo, de conformidade co preceptuado nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, poderase interpor recurso de reposición no prazo dun mes contado a partir do seguinte ao de notificación da resolución ou desde o seguinte a aquel no que a solicitude poida entenderse desestimada por silencio administrativo.

9.-Xustificación das axudas.

A xustificación das axudas outorgadas ao abeiro da liña “transporte escolar” non requirirá máis que da presentación da documentación enumerada no artigo 6 desta convocatoria.

Tratándose de axudas concedidas ao abeiro da liña “material escolar” e “conciliación” a xustificación entenderase realizada coa presentación da factura dos gastos realizados e o xustificante de pago, a unir á solicitude, de acordo co artigo 6 desta convocatoria.

10.-Aboamento das axudas.

O pagamento das subvencións outorgadas realizarase despois da publicación da concesión definitiva e tras a aceptación por parte da persoa beneficiaria, nun único pagamento e mediante ingreso por transferencia bancaria na conta achegada coa solicitude.

11.-Reintegro das axudas.

1. As persoas beneficiarias das subvencións deberán reintegrar o seu importe, incrementado cos xuros de demora calculados ata a data na que se acordase a procedencia do reintegro, nos seguintes supostos:

- a) Cando variasen as circunstancias que motivaron a concesión da axuda.
- b) Nos demais supostos previstos no artigo 37 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. O procedemento de reintegro tramitarase de conformidade co establecido nos artigos 36 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 32 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

12.-Compatibilidade das axudas.

As subvencións reguladas na presente ordenanza serán incompatibles con calquera outro tipo de bolsas ou axudas, que se outorguen para a mesma finalidade.

13.- Réxime de infraccións e sancións.

En canto ás infraccións e sancións en que poidan incurrir as persoas beneficiarias destas axudas e o procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no título IV da Lei 38/2003., do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS) e do Real Decreto 987/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.





14.- Tratamento de datos de carácter persoal

Os datos persoais obtidos nos procedementos derivados destas bases serán tratados, na súa condición de responsable, polo Concello de Porto do Son, baseándose no cumprimento dunha misión de interese público. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas. Os datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.





ANEXO I – SOLICITUDE POR UNIDADE FAMILIAR		
AXUDAS ESCOLARES CURSO 2024/25		
PRAZO DE SOLICITUDE DO – Ó – DE SETEMBRO		
DATOS DA PERSOA SOLICITANTE (MAIOR DE IDADE)		
Apelidos e nome:	NIF:	
Enderezo:	C.P.	
e-mail:	Teléfono	
Cónxuxe ou parella convivente:	NIF:	
AXUDA SOLICITADA (marque cun X):		
Liña “Material escolar”		
Liña “Transporte escolar”		
Liña “Conciliación”		
Liña Informática		
DOCUMENTACIÓN ACHEGADA COMÚN A TODAS AS LIÑAS (marque cun X):		
DNI, NIE ou pasaporte da persoa solicitante		
Libro de familia completo ou documento similar que acredite as persoas que compoñen a unidade familiar		
Matrícula oficial de estudos ou certificado de matrícula expedido polo centro educativo referente ao curso escolar 2023-24 (Transporte e material escolar) e ano 2022-23(para conciliación)		
Copia da última declaración da renda ou certificado de imputación de rendas de Facenda dos integrantes da unidade familiar e volante de empadramento de toda a unidade familiar.		
Outros xustificantes de ingresos económicos do último ano fiscal declarado. No caso de non ter feito a declaración do IRPF e non dispoñer de datos fiscais que acrediten o seu nivel de renda		
Certificado de titularidade dunha conta bancaria, da que sexa titular a persoa solicitante, na que figure o IBAN		
Certificado de discapacidade do alumno ou dun membro da unidade familiar(grao igual ó maior de 33%) de ser o caso.		
No caso de separación das persoas proxenitoras deberán achegar a sentenza xudicial da separación		
De ser o caso, acreditación de ter a condición de vítima de violencia de xénero.		
DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA DAS LIÑAS (marque cun X)		
Liña conciliación e material escolar: Factura e xustificante de pago do gasto subvencionable(que veña claro o pago) ou certificado da Anpa/Centro escolar, de ser o caso		
Liña de conciliación: acreditación de que as persoas representantes legais están traballando ou realizando formación presencial.		
Liña material informático: Factura e xustificante de pago do gasto subvencionable (que veña claro o pago)		
RELACIÓN DE ALUMNAS/OS PARA OS QUE SOLICITA AXUDA:		
Apelidos e nome:	Liñas de Axuda Solicitada	Curso
A persoa solicitante declara mediante esta solicitude non ter débedas coas distintas administracións, TGSS e co Concello de Porto do Son		
A persoa solicitante declara non ter recibido unha axuda pública ou privada para o mesmo obxecto que a subvención concedida.		
A persoa solicitante declara que non se atopa nalgunha das circunstancias do artigo 13 da Lei Xeral de Subvencións		
Consonte o disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do concello de Porto do Son relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada con esta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.		
Porto do Son, de do 2024		

Sinatura

Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Porto do Son

